

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 27 DE XANEIRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se dispón o cese de Jacobo Aboal Viñas como director da Axencia Galega de Industria Forestal.
- Decreto polo que se nomea director da Axencia Galega de Industria Forestal a Alfredo Fernández Ríos.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da Consulta Pública Previa do anteproxecto de Decreto polo que se aproban as directrices de Ordenación do Litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores en situación de dependencia na Residencia de persoas maiores A Eiriña. Importe de licitación: seis millóns trescentos setenta e sete mil douscentos oitenta euros (6.377.280,00€). Valor estimado: dezaioito millóns catrocentos seis mil oitenta euros (18.406.080,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha planta de produción de biometano no concello de Curtis (A Coruña), promovido por Norbiogás Biometano, S. L.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación por Sociedade de Vivenda Pública de Galicia S.A do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 55 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes, rochos e locais na parcela MV4 do PP de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da declaración dunha área de rehabilitación integral rural descontinua no Concello das Neves.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra no que se establecen as bases para a reforma do Centro de Saúde de Vedra, por importe de cincocentos trinta e nove mil novecentos vinte e seis euros con cincuenta céntimos (539.926,50 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da campaña de publicidade para a promoción dos produtos do mar en transporte por estrada nos anos 2025-2027.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as axudas a entidades locais de Galicia para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o Programa Galemundo de Internacionalización. Fomento de intercambios e formación educativa e lingüística no exterior.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia. 4º trimestre de 2024.
- Informe sobre os novos sistemas de información para a Axencia Galega de Infraestruturas.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación da obra de Mellora da iluminación da Ponte do Pedrido na AC-164. Bergondo – Paderne.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe das actividades realizadas en 2024 polo Centro Dramático Galego no seu 40º aniversario (1984-2024).
- Informe sobre o programa de axudas á emancipación xuvenil Bono emancípate.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre as axudas ao Retorno Emprendedor 2013-2024 e da nova convocatoria para o ano 2025.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre axudas a proxectos de investimento en actividades empresariais non agrícolas 2025.
- Informe sobre o Plan camiña rural 2025-2026.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os avances na implementación dos proxectos do Plan da cultura marítima (PCUMA).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ALFREDO FERNÁNDEZ RÍOS DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL

Substitúe no cargo a Jacobo Aboal Viñas, que cesa a petición propia

O Consello da Xunta acordou hoxe o nomeamento de Alfredo Fernández Ríos como director da Axencia Galega da industria Forestal – XERA, ente dependente da Consellería de Economía e Industria.

Fernández Ríos é enxeñeiro de Montes pola Escola Politécnica Superior de Lugo desde o ano 1997. Posúe ademais o Diploma de Estudos Avanzados en Teledetección e Sistemas de información xeográfica aplicado aos incendios forestais, así como o título de técnico en Prevención de riscos laborais nas especialidades de Seguridade no traballo, seguridade industrial e ergonomía e Psicosocioloxía aplicada.

No ámbito profesional, iniciou a súa andaina no ano 1997 como técnico GIS do Sistema de Información Territorial de Galicia da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. No ano 2003 foi nomeado funcionario de carreira da Administración autonómica no corpo facultativo superior na escala de Enxeñeiros de Montes e desde entón desempeñou diferentes postos de responsabilidade nas consellerías de Medio Ambiente e do Medio Rural. Na actualidade, ocupaba o cargo de director da Área de Información Forestal da Axencia Galega da Industria Forestal.

Fernández Ríos substitúe no cargo a Jacobo Aboal Viñas que cesa a petición propia logo de desempeñar o cargo de director da Xera desde xuño de 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INICIA A ELABORACIÓN DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO LITORAL, QUE SERÁN O INSTRUMENTO CLAVE PARA GARANTIR A XESTIÓN INTEGRAL DA COSTA

- Explica que o seu obxectivo principal será fixar os criterios para xestionar as actividades estratéxicas na franxa costeira co propósito de garantir o equilibrio entre os recursos naturais e os ecosistemas co desenvolvemento económico e social
- Indica que desenvolverán os criterios que se aplicarán para poder implantar as instalacións da cadea mar-industria, a Rede de sendas do litoral ou para localizar aparcadoiros ao servizo das praias ou áreas para estacionamento de autocaravanas
- O Consello tomou razón da publicación da consulta pública previa, que estará dispoñible “dous meses”, do que será o marco xeral de referencia para o desenvolvemento dos plans de ordenación do litoral previstos na Loxilga
- Con este novo paso, a Xunta “continúa avanzando no desenvolvemento da Lei do litoral”, á espera do traspaso de medios persoais e materiais solicitado ao Executivo central, cuxa previsión é que se faga efectivo no primeiro trimestre de 2025
- O Goberno galego xa puxo en marcha un visor web con información cartográfica das tres zonas da costa reguladas pola Loxilga, constituíu a Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral e someteu a consulta pública previa a creación do Foro do litoral

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o acordo do Consello para “abrir o período de consulta pública previa do anteproxecto de decreto polo que se crean as Directrices de ordenación do litoral (DOL)”, co obxectivo de compilar achegas e suxestións en relación á elaboración e contido do que será o instrumento clave para garantir a xestión integral da costa en Galicia. O trámite iniciárase nos vindeiros días e, tal e como indicou Rueda, “durante dous meses” estará aberto a todas as persoas, entidades e administracións interesadas en participar.

A xestión integrada do litoral require preservar a costa en beneficio das xeracións presentes e futuras e, para acadar ese obxectivo, cómpre garantir que as actividades que se van realizar na costa permitan un desenvolvemento integral desde o punto de vista ambiental, social e económico. Nesa liña, as DOL establecerán criterios xerais coherentes e precisos -que serán regulados, posteriormente, por diversos plans de ordenación- para dotar a comunidade dunha regulación coordinada e garantir a seguridade xurídica na ordenación e xestión do litoral.

Máis polo miúdo, segundo explicou o presidente da Xunta, estas directrices “fixarán os criterios das actividades estratéxicas que se poden realizar” nas zonas en que se divide o litoral galego, así como as que non son autorizables, co propósito de garantir o equilibrio entre a protección dos recursos naturais e dos ecosistemas co desenvolvemento económico e social.

En concreto, apuntou Rueda, conterán os criterios tanto para “identificar os espazos de interese ambiental e paisaxístico que precisen dunha maior protección, conservación e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ordenación", como para determinar as condicións para implantar as distintas actividades económicas e sociais de axentes públicos e privados que operen no litoral, como, por exemplo, "o sector hostaleiro ou a cadea mar-industria".

A maiores, o titular do Goberno galego sinalou que tamén "fixarán as pautas para crear unha Rede de sendas do litoral" na que se garantirá unha intervención respectuosa coa paisaxe e cos hábitats. Deste xeito, aplicárase unha visión de conxunto para optimizar a súa execución e mantemento, facilitar o seu uso e aproveitar as sinerxías con outros elementos de valor natural e cultural presentes no mesmo ámbito territorial. As DOL fixarán as condicións que deben reunir as vías que conformarán esa rede, indicarán os requisitos para o acondicionamento de novos tramos e detallarán os criterios de deseño, sinalización e divulgación da rede.

Ademais, "determinarán os criterios para garantir o acceso ao mar e o estacionamento", explicou o presidente da Xunta. Neste eido, incluírán cuestións como os aparcadoiros ao servizo das praias ou as áreas para estacionamento de autocaravanas.

No primeiro caso, as DOL definirán as condicións básicas para a localización e o deseño destes espazos co obxectivo de proporcionar seguridade xurídica aos concellos que promovan este tipo de actuacións.

No que atinxe ao estacionamento de autocaravanas, trazaranse as liñas de acción para o acondicionamento destas áreas, nas que se garantirá a convivencia con outro tipo de vehículos, se asegurará a dotación de servizos básicos e se evitará a creación de pantallas visuais que obstaculicen a contemplación das paisaxes costeiras.

As DOL tamén abordarán cuestións relativas a determinar a concentración urbana admisible no litoral; orientar as accións de renovación ou rehabilitación urbana e ampliación dos espazos públicos; identificar as accións necesarias para o seu aproveitamento racional e sustentable, así como os criterios para establecer os usos estratéxicos e prioritarios do mar para os efectos de elaborar o Plan de ordenación mariña.

Un paso clave para a xestión do litoral

Este novo instrumento será o marco xeral de referencia para o desenvolvemento das restantes ferramentas de ordenación previstas na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), así como para a formulación e a execución das distintas políticas sectoriais sobre a costa.

As determinacións contidas nas directrices de ordenación do litoral indicarán de modo inequívoco cal será o alcance de cada un dos plans que as desenvolverán, orientador ou vinculante, ou, cando sexa o caso, se terán carácter de normas de aplicación directa.

Polo tanto, a súa elaboración supón un paso decisivo para que Galicia exerza as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o Estatuto de autonomía sobre a ordenación e a xestión do litoral e que foron ratificadas pola sentenza do Tribunal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Constitucional que, en abril de 2024, avalou a Loxilga ao rexeitar 70 das 72 impugnacións presentadas polo Goberno central.

Con todo, a autorización por parte da Xunta das actividades estratéxicas que se desenvolvan no dominio público marítimo-terrestre producirase cando o Executivo central faga efectivo o traspaso á Comunidade dos medios materiais e persoais necesarios para a xestión completa do litoral. "Seguimos traballando para asumir plenamente esta competencia", apuntou Alfonso Rueda.

Cómpre lembrar que, logo de pechar o acordo co Goberno central para a celebración da Comisión Mixta de Transferencias na que se concretará esa cuestión, a previsión é que ese traspaso se faga efectivo no primeiro trimestre de 2025. Neste sentido, Rueda informou da remisión dunha carta ao ministro de Política Territorial para urxilo a desbloquear a situación canto antes.

Visor web

A Xunta xa vén traballando no desenvolvemento da Lei do litoral. No último trimestre de 2024 constituíuse a Comisión Interdepartamental de Coordinación da Ordenación do Litoral, á que lle compete a coordinación da elaboración destas directrices, así como dos instrumentos que as desenvolverán, e avanzouse, a través do seu sometemento ao procedemento de consulta pública previa, na creación do Foro do Litoral, como órgano de asesoramento.

A maiores, xa está á disposición da cidadanía, empresas e administracións un visor web a través do que se pode acceder á información cartográfica das tres zonas en que a Lei do litoral de Galicia divide a costa e coñecer tanto a área na que se localizan os terreos do seu interese como os usos permitidos.

Cómpre lembrar que coa aprobación da Loxilga, Galicia converteuse na primeira comunidade española en regular a través dunha normativa propia e integral a franxa costeira en toda a súa extensión, é dicir, tanto mar dentro como terra dentro. De feito, a través dela a Xunta xestionará algo máis de 1.600.000 hectáreas terrestres e marítimas.

Partindo da consideración da costa desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica), a lei, ademais de delimitar as actuacións e usos estratéxicos que permitirán a ocupación e o asentamento da costa a través das autorizacións pertinentes, establece unha nova zonificación desta franxa, con tres grandes áreas diferenciadas en función do seu estado de conservación e necesidades particulares, ao tempo que concreta os usos permitidos e prohibidos no litoral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA XESTIÓN DA NOVA RESIDENCIA DE MAIORES PÚBLICA DE PONTEVEDRA

- A duración inicial do contrato será de dous anos e o orzamento base de licitación é de 6,3 millóns de euros
- Ofertaranse ás familias 120 prazas públicas

O Consello autorizou hoxe o comezo dos trámites para contratar a xestión do servizo da nova residencia pública de maiores da Xunta en Pontevedra, situada no barrio da Eiriña. Esta será a terceira dos sete centros que impulsa a Fundación Amancio Ortega nas principais cidades de Galicia e porá á disposición das familias 120 prazas públicas.

A duración inicial do contrato será de dous anos, ata abril de 2027, e será prorrogable por outros tres. O orzamento base de licitación é de 6,3 millóns de euros e será un procedemento aberto tanto a entidades sociais como a empresas especializadas no sector dos coidados. Deste xeito, a Administración autonómica dá un novo paso para a próxima entrada en funcionamento deste centro, que a Fundación Amancio Ortega entregou 'chave en man' o pasado mes de outubro.

A residencia de maiores da Eiriña, ao igual que as outras que financia e constrúe a devandita fundación, conta cunhas instalacións punteiras, que inclúen unha unidade especializada nos coidados a persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, así como servizos específicos de rehabilitación, fisioterapia ou podoloxía, entre outros.

Tras este acordo do Consello, procederase a publicar o anuncio de licitación na plataforma de Contratos Públicos de Galicia e no *Diario Oficial da Unión Europea*, e concederase un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO A CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA PLANTA DE BIOMETANO EN CURTIS

- A iniciativa permitirá converter os residuos orgánicos procedentes dos sectores gandeiro e avícola xerados nas explotacións da contorna, así como os procedentes da industria alimentaria, en gas natural renovable
- O décimo terceiro proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego, que suporá un investimento de máis de 15M€ e a creación de 28 postos de traballo, sete deles directos, suma xunto cos anteriores unha mobilización global de máis de 2.374M€ e 4.215 empregos

Galicia contará cunha nova planta para a produción de biometano no polígono industrial de Curtis (A Coruña), logo da declaración como proxecto industrial estratéxico da iniciativa impulsada por Norbiogas Biometano I, aprobada no Consello da Xunta que tivo lugar esta mañá. A iniciativa permitirá a creación de 28 postos de traballo, 7 deles de carácter directo, e contará cun investimento de 15,06 millóns de euros. Este será o décimo terceiro proxecto declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de 2.374,64 millóns de euros e 4.215 empregos.

O proxecto recolle a construción dunha planta de biometano a partir de residuos orgánicos procedentes do sector gandeiro e da avicultura, así como da industria alimentaria, e cuxa capacidade alcanzará os 42-45 GWh anuais, que serán inxectados á rede de gas. A nova planta inclúe tamén o aproveitamento dos residuos que se obteñen logo do proceso de descomposición necesario para obter o biogás, un gas renovable composto principalmente por metano e dióxido de carbono que, logo dun proceso de purificación, se converte en biometano. Deste xeito, os residuos resultantes (dixestato) serán devoltos aos gandeiros que subministren xurro vacún á planta e o resto depurarase de novo para ser reutilizado como compost ou fertilizante orgánico.

As novas instalacións inclúen un edificio administrativo; áreas de almacenamento de substratos, produción e mellora do biogás; almacenamento de dixestato e área contra incendios, ademais de zonas verdes e unha estación depuradora das augas. A planta ocupará un total de 25.690 metros cadrados.

Norbiogas Biometano I pertence ao Grupo Nortegas, compañía de infraestruturas e servizos enerxéticos que se ten convertido no segundo operador de distribución de gas do mercado español grazas a unha rede de máis de 8.100 quilómetros en Asturias, Cantabria e o País Vasco. Destaca tamén o seu compromiso coa transición enerxética e a economía circular, tal e como amosa o proxecto aprobado polo Consello da Xunta esta mañá.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía do Goberno galego por axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos, que, neste caso,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro do ano 2024.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; á planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico; así como á de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; á planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; á planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; á planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; á de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro promovida por Cobre San Rafael; á planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center; a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría e a terminal de almacenamento de betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa, de Betunes Gallegos SLU.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A UN NOVO CONTRATO DA SOCIEDADE DE VIVENDA PÚBLICA DE GALICIA PARA 55 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO BARRIO DE NAVIA, EN VIGO

- O Goberno galego financiará con fondos propios a licitación da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 55 novas vivendas, á que se destinará un investimento que rolda os 440.000 euros
- Neste ámbito da cidade de Vigo están en marcha 755 vivendas públicas, en distintas fases de execución, e investimentos que superan os 111M€
- A través da Estratexia de Solo Residencial a Xunta desenvolverá tamén o ámbito do ofimático, que permitirá a construción de 2.300 vivendas protexidas
- A Xunta segue intensificando o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000, e destaca que en 9 meses xa máis de 1.700 vivendas están en distintas fases de execución

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo contrato da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), para a redacción do proxecto para a construción de 55 vivendas de promoción pública (VPP) no barrio de Navia, no concello de Vigo. Así, son xa 200 as vivendas impulsadas pola nova sociedade, tras a autorización a semana pasada da contratación da redacción do proxecto para a construción de 145 VPP en Garabolos, en Lugo.

A licitación deste contrato, financiada integramente con fondos propios da Xunta, rolda os 440.000 euros, e inclúe os servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 55 novas VPP, garaxes, rochos e locais na parcela MV-4 do polígono 2 de San Paio de Navia.

Vipugal licitará nas vindeiras semanas este contrato, unha vez autorizada hoxe polo executivo autonómico.

O Goberno galego segue intensificando o ritmo de traballo no desenvolvemento da construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, sendo Navia o exemplo do traballo que se está a facer nesta materia. Neste ámbito da cidade de Vigo están en marcha 755 vivendas públicas, en distintas fases de execución, e investimentos que superan os 111M€.

A estas vivendas en Navia cómpre sumar as que se poidan construír a través da Estratexia de Solo Residencial da Xunta nos ámbitos que se desenvolverán en Vigo. Trátase do ámbito do ofimático, que permitirá a construción de 2.300 vivendas.

A Xunta, a través de Vipugal, traballa no obxectivo de promover na comunidade 2.350 vivendas públicas ata o 2028, para, conxuntamente coas impulsadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), acadar o reto de chegar ás 4.000 novas vivendas protexidas nesta lexislatura, tendo xa en marcha en 9 meses, máis de 1.700 vivendas en distintas fases de execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA UNHA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL NO CONCELLO DAS NEVES, QUE INTEGRA 138 VIVENDAS

- Esta ARI consta de dúas zonas diferenciadas, unha no núcleo urbano do municipio e outra no barrio da estación do ferrocarril
- A finalidade da declaración das ARI é a rehabilitación das vivendas e infraestruturas existentes na zona declarada

O Consello da Xunta acordou hoxe a declaración dunha nova Área de Rehabilitación Integral (ARI) rural no concello das Neves, a primeira que se declara neste municipio pontevedrés.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas deu conta hoxe da declaración desta nova ARI, que ten como obxectivo facilitar a rehabilitación de vivendas e obras de urbanización e reurbanización, repercutindo sobre as condicións de vida dos veciños, mellorándoas.

Esta ARI rural consta de dúas zonas diferenciadas que conforman un ámbito descontinuo que acada un número total de 138 vivendas, nun total de 123 edificios incluídos entre os dous ámbitos, dos que 100 teñen uso residencial prioritario ou exclusivo.

Deste xeito, unha destas zonas sitúase dentro da delimitación do solo urbano do PXOM das Neves. Inclúe 90 edificacións, con 113 vivendas.

A outra zona recolle o núcleo do barrio da estación do ferrocarril, na parroquia de Santa María das Neves. Inclúe 33 edificacións, cun total de 25 vivendas.

A superficie total do ámbito da ARI é de 89.548,38 m², dos cales 20.667 m² corresponden á superficie das edificacións que teñen uso residencial no ámbito do núcleo urbano das Neves, e 6.221 m² é a superficie das edificacións que teñen uso residencial no núcleo da Estación.

A finalidade básica da declaración hoxe desta ARI é a rehabilitación das vivendas e infraestruturas existentes, mediante unha intervención pública de fomento que impulse o financiamento destas actuacións mediante instrumentos financeiros e outras axudas públicas.

O obxectivo da Xunta coa declaración destas ARI é facilitar oportunidades aos cidadáns para mellorar a calidade das súas vivendas, a través da posta á disposición dos concellos de fondos para a execución de actuacións de urbanización e reurbanización nestes ámbitos, avanzando, grazas ao compromiso de todos, na recuperación e conservación do patrimonio edificatorio dos municipios da comunidade autónoma.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Financiamento do programa de Barrios

O ámbito da ARI que se declara coincide co ERRP (Contorno residencial de rehabilitación programada) declarado polo Concello en 2022 para participar na repartición de financiamento, que se convocou a través da Xunta, do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio.

Nesa repartición, ao concello das Neves correspondéronlle 300.000 euros co obxectivo de actuar sobre 30 vivendas e prevese un custo total de 706.090 € e un investimento subvencionable de 699.820 €.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE Á COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VEDRA PARA ACOMETER A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 540.000 €

- Segundo o convenio autorizado, o Servizo Galego de Saúde achegará o 80 % do investimento, máis de 430.000 euros
- Habilitarase unha sala de urxencias e mellorarase o illamento ao renovar a carpintería exterior, os pavimentos e substituír a cuberta e o lucernario
- Coa reforma tamén se actuará na rampla de acceso ao centro sanitario para garantir a súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida
- Realizarase unha redistribución das consultas para unificar o seu tamaño e comunicalas entre si

O Executivo galego autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Vedra para acometer a reforma do centro de saúde deste municipio, que suporá un investimento de 539.926 euros.

Segundo o acordo autorizado, as obras serán cofinanciadas nun 80 % por parte do Servizo Galego de Saúde e nun 20 % polo Concello. Concretamente, as actuacións de mellora suporán un investimento autonómico de 431.941 euros e de 107.985 euros por parte da entidade local.

Os traballos previstos permitirán habilitar unha sala de urxencias no centro de saúde e unificar o tamaño das consultas mediante a súa redistribución, co cal se poderán comunicar entre si.

Ademais, modificarase a rampla de acceso para facilitar a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida.

Tamén está previsto renovar os aseos do persoal e habilitar baños accesibles ao público e reorganizar as áreas de apoio e zona de atención administrativa.

Así mesmo, a cuberta e o lucernario do centro sanitario serán substituídos e renovaranse a carpintería exterior e os pavimentos, de forma que se mellorará o illamento térmico, favorecendo a eficiencia enerxética.

O Concello de Vedra será o encargado de executar as obras, tal e como se establece no convenio, que terá vixencia desde a súa sinatura ata o 29 de decembro de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UNHA CAMPAÑA DA XUNTA PROMOCIONARÁ OS PRODUTOS PESQUEIROS GALEGOS EN TRANSPORTES POR CARRETERA QUE PERCORRERÁN TODO O TERRITORIO NACIONAL

- O Goberno galego destina máis de 1,6 M€ a esta acción de difusión das calidades do peixe e mariscos da comunidade que se suma a outras de gran impacto como a campaña *GALICIA SABE AMAR*
- A iniciativa, que comezará o vindeiro mes de maio e prolongarase ata xaneiro do 2027, pretende poñer en valor a actividade da pesca e o marisqueo así como mellorar a apreciación e demanda dos alimentos do mar polos consumidores

A Consellería do Mar deu conta hoxe ao Consello da Xunta da posta en marcha dunha nova campaña de promoción e divulgación das calidades do peixe e marisco galegos a través da rotulación dun centenar de semiremolques, preferentemente con puntos de orixe ou destino nos principais *hubs* loxísticos do sector mar-industria, e que se desprazarán por todo o territorio nacional. Un soporte que, debido ao seu tamaño, tenden a destacar na súa contorna e a atraer a atención, mellorando o impacto e o recordo de marca respecto de tipos de publicidade máis convencionais.

O Goberno galego destina máis de 1,6 millóns de euros a esta acción de difusión das calidades dos produtos do mar procedentes da comunidade e súmase a outras campañas de grande impacto como a campaña *GALICIA SABE AMAR*. Actuacións que dan resposta ás demandas da cadea mar-industria nun contexto especialmente complexo que presenta importantes cambios nas necesidades e hábitos de consumo da cidadanía e marcado por un progresivo descenso da presenza destes alimentos na cesta da compra.

Así, a iniciativa, que comezará o vindeiro mes de maio e se prolongará ata xaneiro de 2027, pretende poñer en valor a actividade da pesca e do marisqueo, así como mellorar a apreciación e a demanda dos alimentos do mar polos consumidores. Ademais, outro dos obxectivos é achegar a importancia do consumo destes produtos, tanto dende o punto de vista nutricional, polos seus múltiples beneficios para a saúde e o benestar, como social e económico, dada a importancia deste sector que representa preto do 5 % do PIB galego e do que dependen ao redor de 50.000 empregos na comunidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS DE ATA 60.000 € PARA APOIAR AOS CONCELLOS EN PROXECTOS QUE BUSQUEN SOLUCIÓNS VERDES E NATURAIS AOS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

- Esta convocatoria pioneira, que se publicará en febreiro cun orzamento de 2 M€, ten como fin colaborar coas entidades locais no impulso de refuxios climáticos urbanos, o aumento da biodiversidade e a mellora das infraestruturas verdes e fluviais
- Entre as actuacións subvencionables inclúense intervencións en espazos públicos para mitigar o efecto illa de calor, como a creación de zonas de sombra naturais ou de microclimas co uso de láminas de auga, a instalación de xardíns verticais e tellados verdes, a restauración de treitos de río ou a mellora das conexións urbanas
- Os concellos interesados poderán solicitar achegas para un máximo de 3 proxectos e a axuda autonómica cubrirá ata o 80 % dos investimentos subvencionables
- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático porá á súa disposición a oficina de asesoramento da Rede Local polo Clima para orientalos cos proxectos e co proceso

A Xunta convocará no mes de febreiro unha liña de axudas pioneira para apoiar os concellos na posta en marcha de distintos tipos de solucións baseadas na natureza e no aproveitamento dos seus recursos para prever e adaptarse aos efectos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos. Cun orzamento global para esta primeira convocatoria de 2 millóns de euros, o importe máximo das achegas será de 60.000 euros por proxecto e cubrirá ata o 80 % dos gastos subvencionables.

O Consello foi informado hoxe da próxima publicación destas axudas, deseñadas pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático co obxectivo de seguir avanzando na loita contra o cambio climático da man das entidades locais. De feito, cómpre lembrar que como Administración máis próxima á cidadanía, os concellos son un actor clave desde o punto de vista da acción climática, xa que os seus esforzos e logros na escala local teñen efectos moi positivos tamén a nivel global.

Con esta nova liña de apoios, a Xunta reforzará a súa colaboración coas administracións locais para fomentar iniciativas que contribúan ao desenvolvemento das infraestruturas verdes e á conectividade dos espazos naturais periurbanos. O obxectivo é incrementar a biodiversidade deste tipo de zonas, mellorar a súa conservación, favorecer a adaptación ao cambio climático, mellorar a calidade ambiental e crear espazos máis saudables.

Para conseguilo, poderán optar ás axudas proxectos presentados de forma individual por calquera concello galego que integren algunhas das seguintes actuacións.

En primeiro lugar, serán subvencionables as intervencións sobre espazos públicos orientadas a atenuar o chamado efecto illa de calor, que fai que en determinadas áreas das cidades e de contornas urbanas a temperatura sexa máis alta que nas zonas rurais máis próximas debido a unha combinación de factores relacionados coas propias infraestruturas e a actividade humana e industrial. Dentro deste grupo encaixarían as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

iniciativas municipais de sombreado natural en rúas e prazas mediante a plantación de árbores, preferiblemente autóctonas, intervencións para reducir a impermeabilidade do solo para aumentar a súa capacidade de drenaxe ou a creación de microclimas co recurso a láminas de auga que reducen a temperatura e combaten o efecto illa de calor.

Nun segundo grupo entrarían proxectos cos que se pretende incrementar a biodiversidade urbana e as zonas verdes a través, por exemplo, da implantación de xardíns verticais e cubertas ou tellados verdes en infraestruturas e edificacións públicas, ou da restauración de zonas húmidas que albergan unha gran variedade de especies.

Así mesmo, a orde de axudas da Xunta tamén cubrirá ata o 80 % dos gastos derivados de iniciativas municipais para mellorar as infraestruturas verdes (sendas, parques etc) e azuis (ríos) das zonas urbanas. Así, poderán optar a estas achegas iniciativas para a recuperación de treitos urbanos fluviais deteriorados ou para mellorar a conexión entre o medio urbano e periurbano mediante, por exemplo, sendas verdes.

Entre un 40 % e un 70 % das emisións GEI

Cómpre lembrar que se estima que nas áreas urbanas se xeran entre un 40 % e un 70 % de todas as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI). Por iso, é fundamental dotar as cidades de espazos e pulmóns verdes como parques, xardíns, fontes ou áreas recreativas que repercutan na redución das emisións á atmosfera e na mellora da calidade de vida da cidadanía, tanto polos beneficios que reportan para a saúde como para a sociabilidade, ao seren estas zonas tamén un espazo de encontro e lecer colectivo.

A nova liña de axudas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático vai nesta mesma dirección e facilitará aos concellos o financiamento necesario para preparar as súas zonas urbanas ante os riscos derivados do quecemento global e adaptalas aos seus efectos. Cada concello poderá presentar ata tres proxectos e, para orientalos coas súas propostas e solicitudes, a Xunta porá á súa disposición a oficina de asesoramento da Rede Local polo Clima, unha iniciativa que naceu en 2024 para coordinar as actuacións cos concellos e aproveitar sinerxías na loita contra cambio climático.

De feito, a propia convocatoria destas axudas concíbese como un instrumento básico para impulsar esta rede e consolidar a posición de Galicia como a comunidade española máis resiliente tras lograr reducir as súas emisións netas nun 59,8 % desde 1990, ano de referencia a nivel mundial para as políticas climáticas.

Ademais, cómpre lembrar que en 2024 a Consellería e a Universidade de Vigo asinaron un convenio de colaboración para crear unha metodoloxía de apoio aos concellos para axudarllos a detectar posibles refuxios climáticos e illas de calor nos seus municipios.

Estratexia de Infraestrutura Verde

O Pacto Verde Europeo recolle o compromiso da Comisión Europea de responder aos desafíos do cambio climático e á perda de biodiversidade a través dun paquete de iniciativas cuxo obxectivo é alcanzar a neutralidade climática. Unha delas é a Estratexia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

da UE sobre Biodiversidade para 2030, coa que se busca protexer a natureza e reverter a degradación dos ecosistemas mediante a asunción dunha serie de compromisos.

Entre eles figura o de definir unha Rede Transeuropea de Espazos Naturais coherente e resiliente, a creación de corredores ecolóxicos e o fomento da chamada infraestrutura verde, entendida como unha rede coherente e ben deseñada de espazos naturais para frear a perda dos ecosistemas urbanos mediante solucións baseadas na natureza e integradas na planificación urbanística.

Neste sentido, a nova orde de axudas que se convocará en febreiro enmárcase na Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e a restauración ecolóxicas aprobada pola Xunta o pasado mes de outubro e que converteu a Galicia na primeira comunidade española en dotarse dunha ferramenta propia deste tipo.

O seu principal obxectivo é crear unha rede territorial continua entre aqueles espazos de maior valor ambiental, paisaxístico e cultural mediante unha planificación que permita conservar a biodiversidade e garantir o bo estado dos ecosistemas polos beneficios que achegan á sociedade e á sustentabilidade do planeta, e todo isto prestando unha atención especial ao papel das cidades e das contornas urbanas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O NOVO PROGRAMA GALEMUNDO DA XUNTA FACILITARÁ QUE 7.000 ESTUDANTES E DOCENTES SE FORMEN ESTE CURSO NO ESTRANXEIRO GRAZAS A UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 15M€

- A iniciativa conta cunha vintena de convocatorias de bolsas para internacionalizar o ensino e mellorar a aprendizaxe de idiomas da comunidade escolar
- Este verán haberá máis de 1.000 prazas para que os estudantes e profesores realicen estadias noutros países e mellorar así o seu coñecemento de idiomas
- Galicia é a líder en España en inglés e sitúase no nivel alto do mundo segundo o estudo máis amplo a nivel internacional en coñecemento desta lingua, o EF
- O programa abrangue intercambios e mobilidades en todas as etapas obrigatorias e superiores ou a posibilidade de realizar prácticas de FP en empresas estranxeiras

Máis de 7.000 persoas, entre estudantes e docentes, participarán ao longo deste curso en mobilidades no estranxeiro a través do programa Galemundo, co que a Xunta de Galicia impulsa a internacionalización do ensino. O Goberno galego destina este ano máis de 15M€ a esta nova iniciativa, que aglutina todas as bolsas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP neste eido para facilitar que alumnos e profesores poidan viaxar a outros países e mellorar as súas competencias en idiomas.

O Consello avaliou hoxe o novo programa Galemundo, composto por unha vintena de liñas de apoio económico, moi diversas e complementarias, co obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades para que a comunidade escolar mellore a aprendizaxe de linguas estranxeiras. Inclúense proxectos propios da Xunta e outras no marco do programa Erasmus+ que o Executivo galego contribúe tamén a financiar.

Neste senso, cómpre lembrar que Galicia é líder de España en inglés e sitúase no nivel alto do mundo, segundo a avaliación máis ampla a nivel internacional que cada ano realiza Education First (EF). En concreto, a nosa comunidade posiciónase na primeira posición con 564 puntos, o que supón 26 puntos máis que a media estatal.

Galemundo abrangue actuacións en todas as etapas formativas, algunhas xa en marcha e outras que se irán convocando nos próximos meses. Precisamente, coa vista posta no verán, a Consellería de Educación convocará nas vindeiras semanas máis de 1.000 prazas para viaxar ao estranxeiro e realizar cursos idiomáticos. O proceso abrirase en febreiro e del poderán beneficiarse estudantes de Bacharelato, universitarios e docentes.

Estadias e intercambios

En concreto, ao abeiro deste programa realizarase unha nova edición das estadias lingüísticas en países estranxeiros durante o verán para alumnado de 1º e 2º de Bacharelato, cun total de 647 prazas. Os rapaces reforzarán o inglés en Canadá e Reino Unido, o francés en Francia, o portugués en Portugal e o alemán en Alemaña. A Xunta sufragará os gastos derivados do custo dos cursos nos devanditos países, así como a manutención, o aloxamento, os traslados e as actividades complementarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, durante o curso académico, lévanse a cabo intercambios entre estudantes de colexios e institutos de distintos países, que se aloxan nos fogares das familias dos participantes e se integran nos respectivos centros escolares. Existen unha modalidade xeral, que posibilita a conexión con múltiples países, e outra específica para Francia.

Outros dos intercambios lévanse a cabo a través de Erasmus+, nos que mesmo participan as escolas de idiomas e os centros de formación de adultos. E tamén se ofertan as Escolas de Fronteira con Portugal, neste caso sen necesidade de aloxamento, que promove actividades culturais e pedagóxicas para intensificar lazos con Portugal. Para iso, centros de ambos os territorios colaboran nun proxecto común co seu alumnado de Infantil e de Primaria. En conxunto, o número de estudantes nas distintas opcións de intercambios supera os 3.300, aos que se engaden máis de 600 profesores.

Apoio á formación do profesorado

No que atinxe ao profesorado, participan en intercambios máis de 420 profesores galegos, cun investimento da Xunta de máis de 1,2M€. Por unha banda, este ano reeditarase o programa de estadias no estranxeiro para docentes de inglés, francés ou portugués das etapas de Infantil, Primaria, Secundaria, FP e Ensinanzas de Réxime Especial, así como para aqueles que imparten outras materias en linguas estranxeiras.

A maior parte deles realizarán no verán cursos de idiomas en Reino Unido, Francia ou Portugal, mentres que algúns se integrarán na vida escolar dun centro de ensino fóra de España durante o primeiro trimestre. En ambos os casos, deberán elaborar posteriormente unha proposta didáctica a partir da súa experiencia, que posteriormente é posta á disposición de toda a comunidade educativa, repercutindo así nunha mellora para o seu alumnado e o seu centro de orixe, pero tamén para calquera outro centro.

Ademais, a través de Observa_Acción, profesores galegos realizan intercambios con outros centros para aprender novas estratexias de ensinanza, enfoques pedagóxicos e metodoloxías na xestión da aula. Isto é, a través da súa participación no programa, os docentes coñecen e comparten outras realidades educativas que despois poden aplicar nos seus colexios e institutos, o que fomenta a aprendizaxe conxunta entre o profesorado a través do intercambio de experiencias e a observación entre iguais.

FP, Universidade e Ensinanzas Artísticas

Respecto do ensino superior, Galemundo inclúe tanto accións específicas da Xunta para facilitar a mobilidade dos universitarios como as vencelladas ao programa Erasmus+ promovido polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

Entre elas, atópase a convocatoria de bolsas para que os universitarios realicen cursos de idiomas no estranxeiro durante o verán ou para que os estudantes e profesores de Formación Profesional poidan realizar prácticas e estadias formativas en empresas do estranxeiro e así mellorar a súa competencia técnica de cara a inserirse posteriormente no mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través de Erasmus+, tanto universitarios como estudantes de ensinanzas artísticas superiores poden tamén estudar durante o curso no estranxeiro. Para eles, a Xunta prevé bolsas que complementan os ingresos que reciben do SEPIE. Se elixen países non comunitarios, o Goberno autonómico tamén contribúe ao financiamento da estadía.

Estas cinco liñas benefician este curso a 2.400 alumnos e 340 docentes, cun investimento da Xunta de máis de 4,3M€ Ademais, a Consellería de Educación destina case 5M€ a sufragar as estadías no estranxeiro de 167 investigadores predoutorais e posdoutorais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LEVA ADXUDICADOS MÁIS DE 1.230 M€ DOS FONDOS MRR, O 76 % DO IMPORTE INGRESADO

- Salienta que Galicia “é a segunda comunidade” con maior “taxa de resolución” destes fondos europeos
- Máis de 45.000 persoas, case 8.200 autónomos e máis de 5.200 entidades e sociedades se beneficiaron desta financiación

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que Galicia xa adxudicou “1.231 millóns de euros dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)”, o que supón o 90 % do importe publicado en convocatorias e licitacións e “o 76 % do ingresado”.

A boa execución na comunidade tamén a confirman os datos do Ministerio de Economía, que tal e como salientou o presidente, indican “que Galicia é a segunda autonomía con maior taxa de resolución dos fondos MRR” cun 79,7 % (18,3 puntos e 17,6 puntos máis que a media das CC.AA. e a AXE, respectivamente).

Segundo explicou o presidente, o Goberno central acaba de facer un novo reparto entre comunidades que indica que “Galicia recibirá 200 millóns adicionais” que se concentran nos ámbitos de dixitalización, sanidade, formación profesional, rehabilitación de vivenda e tratamento de residuos, entre outros. Así, a suma total de asignacións ascende agora a 1.745 millóns de euros. Desá cantidade, os ingresos recibidos que a Xunta ten á disposición para a execución do MRR ascenden a 1.624 M€. Hai que lembrar que estes fondos se poden executar ata o ano 2026.

Isto supón, segundo os datos que trasladou Rueda, que máis de 45.000 persoas físicas, case 8.200 autónomos e “máis de 5.200 entidades e sociedades” beneficiáronse dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia executados polo Goberno galego ata finais do cuarto trimestre de 2024. De feito, o MRR xestionado pola Xunta terá un impacto a medio e longo prazo na contorna de dúas décimas de media anual no PIB, segundo as estimacións do IGE a partir do modelo QUEST III R&D que emprega a Comisión Europea para a análise cuantitativa de políticas.

As actuacións concéntranse nas compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia relacionadas coa mobilidade sustentable, as enerxías renovables, as políticas públicas para o mercado de traballo, a renovación e ampliación do Sistema Nacional de Saúde, a implantación da Axenda Urbana, a dixitalización, a modernización do sistema educativo, a economía dos coidados e a inclusión social.

Pola súa banda, Rueda lembrou que o Goberno central concentra a xestión dos PERTE – deseñados para o financiamento dos proxectos estratéxicos transformadores de colaboración público privada-, non permitindo que as comunidades interveñan na xestión dos proxectos industriais tractores. Hai 12 PERTEs aprobados, cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron 14.574 M€ (35%). A dotación dos PERTE supón o 25 % dos recursos totais do PRTR, incluíndo os recursos adicionais da addenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTE é do 5,5 % do asignado en toda España (804 M€), por riba do que lle correspondería por PIB, o que amosa a competitividade dos proxectos presentados pola comunidade galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MODERNIZA A XESTIÓN DA REDE AUTONÓMICA DE INFRAESTRUTURAS PARA MELLORAR A SÚA EFICIENCIA E GARANTIR A SEGURIDADE

- As actuacións forman parte da estratexia que está a desenvolver a Xunta para a dixitalización e a innovación destes modelos de xestión
- O novo modelo disporá dun inventario de noiros e xestionará a súa inspección para reducir riscos de desprendementos ou incidentes
- As actuacións postas en marcha suman un investimento de máis de 1,4 millóns de euros ata 2027

A Axencia Galicia de Infraestruturas disporá de novos sistemas tecnolóxicos e coordinados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que permitirán unha xestión integral de todos os trámites relacionados cos estudos e proxectos, o control e o mantemento das obras de paso e noiros e a tramitación de expropiacións para a rede galega de estradas.

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a evolución das tres actuacións postas en marcha para dotar de novos sistemas de información a axencia que se encarga de xestionar as infraestruturas viarias. As actuacións forman parte da estratexia que está a desenvolver a Xunta para a dixitalización e innovación, co obxectivo de mellorar a eficacia e a eficiencia destes modelos de xestión.

Os novos sistemas estarán conectados entre si e permitirán un coñecemento integral, que facilitará novas políticas de planificación baseadas en sistemas obxectivos e deseñadas en función do coñecemento actual. Tamén permitirán o uso de novas tecnoloxías de análise e xestión de datos.

As tres actuacións en marcha ata 2027 implican un investimento total de 1,45 millóns de euros, dos que máis de 400.000 son para a Plataforma de xestión integral de estudos e proxectos sobre a rede autonómica de estradas de Galicia, que está en proceso de licitación. Outros 400.000 euros serán para o Sistema de control e mantemento das obras de paso e noiros da rede de estradas de titularidade autonómica. E os 600.000 euros restantes serán para o Sistema de tramitación de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia.

A Plataforma de xestión integral de estudos e proxectos permitirá a realización e organización de todos os trámites administrativos, ofrecerá unha visión gráfica de información xeográfica e permitirá, tamén, unha análise conxunta grazas á integración de todos os datos e sistemas relacionados.

Pola súa banda, o Sistema de control e mantemento das obras de paso e noiros da rede de estradas de titularidade autonómica facilitará unha xestión máis eficaz das obras adaptada aos requisitos normativos e legais. E contará con ferramentas de administración electrónica da Xunta para mellorar a coordinación e a xestión dos servizos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, disporá dun inventario de noiros e xestionará a súa inspección para reducir riscos de desprendementos ou incidentes. Xestionará as notificacións de inspeccións pendentes de realizar en noiros e obras de paso, o que facilitará a súa planificación, e acollerá unha aplicación para dispositivos móbiles que facilitará as tarefas de inspección no lugar.

O Sistema de tramitación de expropiacións da rede autonómica de estradas de Galicia mellora a ferramenta web xa existente para xestionar toda a información e os datos relativos a expropiacións. O novo modelo permitirá unha mellor experiencia das persoas usuarias con sistemas máis accesibles e eficientes. Tamén integrará o sistema de pagamentos para facilitar a súa recepción por parte das persoas titulares das parcelas afectadas. As persoas implicadas disporán dun novo modelo de perfil para consultas e a realización de trámites e incluírá novas funcionalidades, como a xestión dos arrendamentos dos predios ou a xestión das expropiacións complementarias non previstas inicialmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 975.000 € NA MELLORA DA PONTE DO PEDRIDO, NA DESEMBOCADURA DA RÍA DE BETANZOS

- A Xunta licitará as obras no mes de febreiro nesta ponte situada na estrada AC-164, que cruza a ría e comunica Bergondo e Paderne, co obxectivo de inicialas en verán e rematalas este mesmo ano
- Renovarase a instalación de iluminación da ponte, que actualmente se limita á calzada, co fin de resaltar aqueles elementos que a configuran, ao tempo que se mellora a eficiencia enerxética e o control da contaminación luminosa
- A nova instalación estará constituída por 194 proxectores LED e bañadores polos elementos da estrutura (pilas, nervios, arco e péndolas), e 35 luminarias LED de iluminación viaria, e resaltarán os valores arquitectónicos e estruturais da ponte
- As intervencións incluírán a renovación das baixantes de pluviais, mantendo o seu trazado directo, pero ocultándoas para que non interfiran coa nova iluminación, evitando xerar sombras
- A intervención dá continuidade ás obras levada a cabo de reparación dos distintos elementos da ponte, e enmárcanse nas accións de mantemento e conservación de obras de paso e estruturas das vías de titularidade da Xunta durante este ano

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á mellora da iluminación da ponte do Pedrido, que cruza a ría de Betanzos, co obxectivo de poñer en valor os valores arquitectónicos e estruturais desta infraestrutura situada na estrada autonómica AC-164, e que comunica os municipios de Bergondo e Paderne.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, prevé licitar no mes de febreiro a execución das obras, co fin de poder adxudicalas no verán e rematalas a finais deste mesmo ano. Os traballos contan cun prazo de execución de 6 meses.

Trátase de renovar a instalación de iluminación da ponte, que actualmente se limita á calzada e non destaca os seus especiais valores, e resaltar aqueles elementos que configuran a expresión formal da infraestrutura, que ten unha gran visibilidade, especialmente desde a AP-9, e soporta un intenso tráfico, de 10.336 vehículos/día, ao ser alternativa libre de peaxe á autoestrada estatal para o tráfico de longo percorrido.

Con respecto á iluminación viaria e artística ou ornamental, proxéctase unha nova instalación constituída por 194 proxectores LED e bañadores polos elementos da estrutura (pilas, nervios, arco e péndolas), e 35 luminarias LED de iluminación viaria. Isto permitirá, ademais da posta en valor da ponte, a mellora da eficiencia enerxética e o control da contaminación luminosa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A elección dos equipos de iluminación e a súa situación en puntos estratéxicos baseouse na necesidade de controlar a contaminación luminosa, evitar os cegamentos e non entorpecer a lectura histórica da ponte.

O criterio adoptado no deseño de iluminación da ponte do Pedrido, consiste en resaltar aqueles elementos que configuran a tipoloxía estrutural, a linguaxe e a expresión formal da ponte do Pedrido, mediante a combinación de bañadores directos de superficie que permiten proxectar una luz ampla e uniforme sobre a superficie e iluminación desde proxectores.

Deste xeito, nos accesos á ponte ilumínanse os arcos menores e os seus piares, recreando a través da luz e os seus contrastes o ritmo dos dous tramos iniciais de ambas beiras. Os piares bañaranse con proxectores lineais, resaltando a súa rotundidade formal e esvelteza, e os arcos ilumínanse desde o interior, para crear un volume e esbozar a lixeireza destes e dos tirantes.

Nos piares maiores e no arco central o criterio é máis monumental, atendendo ao protagonismo que teñen a nivel compositivo e construtivo, resaltando o arco e as péndolas e focalizando os elementos máis esculturais ou ornamentais dos piares.

Tamén se propón a renovación da iluminación da calzada, sobre novas columnas e sobre os montantes que arriostran os dous nervios do arco central, con obxecto de sintonizala coa artística e mellorar a súa eficiencia enerxética.

Ademais da mellora na iluminación, as intervencións que se propón executar baixo este proxecto inclúen a renovación das baixantes de pluviais vistas, mantendo o seu trazado directo, pero ocultándoas para que non interfiran coa nova iluminación, evitando xerar sombras. As novas actuacións de rehabilitación na ponte do Pedrido recollen, ademais, tanto a reparación dos acabados exteriores dos seus elementos de formigón nas súas zonas desgastadas e agretadas, como a reposición de tubos de PVC de evacuación de pluviais.

Tamén se dispón unha partida orzamentaria para reparacións de posibles patoloxías estruturais, ou estados previos destas, que poidan ser descubertas durante o proceso construtivo. Cómpre lembrar que, entre os anos 2012 e 2014, a Xunta executou unha obra de reparación dos distintos elementos que conforman a ponte do Pedrido, destinada a reforzar a súa durabilidade.

Esta nova intervención na ponte do Pedrido enmárcase dentro da previsión de actuacións en materia de mantemento e conservación de obras de paso e estruturas das estradas de titularidade da Xunta por parte da Axencia Galega de Infraestruturas durante o ano 2025.


Vista da ponte do Pedrido desde a AP-9:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS




Boceto da iluminación obxecto das obras autorizadas hoxe no Consello da Xunta:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Iluminación do arco principal



Iluminación dos vanos secundarios

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO ESTENDEU A SÚA ACTIVIDADE A MÁIS DA METADE DOS CONCELLOS DE GALICIA E A 11 PAÍSES NA CELEBRACIÓN DO 40º ANIVERSARIO

- Os 15 espectáculos que produciu directamente ou xunto a outras compañías dentro e fóra de Galicia superaron as 300 funcións en 2024
- O balance elevado ao Consello incide na consolidación do traballo da unidade teatral da Xunta a prol da accesibilidade e da inclusión, da internacionalización e da sustentabilidade
- Contou cun orzamento de 690.000 euros, dos que máis de 300.000 euros se destinaron ás contratacións dos elencos das producións propias en exhibición durante o ano pasado ou en fase de ensaios cara á súa estrea en 2025

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude elevou hoxe ao Consello da Xunta o informe de balance da actividade desenvolvida polo Centro Dramático Galego en 2024, ano no que conmemorou o 40º aniversario da súa fundación. As conclusións que se extraen do documento poñen en valor o reforzo do papel da compañía pública como referente cultural e o avance no seu compromiso coa inclusión, a internacionalización e a sustentabilidade a través dunha ampla variedade de proxectos que se estenderon a 160 concellos das catro provincias e a 11 países.

Entre estas propostas, destacan os 15 espectáculos nos que interveu a unidade teatral da Xunta de Galicia, dos que dous foron producións propias (*Os actos e as profecías* e *Terceiro acto*) e 13, coproducións con outras formacións de dentro e fóra da nosa Comunidade, sumando máis de 300 representacións. Algunhas delas desenvolvéronse no Salón Teatro, a súa sede en Santiago de Compostela, que durante o ano pasado abriu as súas portas durante 305 xornadas.

Investimento

Para esta intensa actividade, o Centro Dramático Galego contou cun orzamento de 690.000 euros por parte do Goberno galego. Por outra banda, o conxunto dos programas europeos, coproducións e colaboracións nos que participou durante o ano pasado superou 1M€ en achegas por parte do resto de entidades implicadas.

Estas cifras teñen a súa repercusión, así mesmo, no emprego no conxunto do sector teatral galego, xa que só no ámbito das producións propias, se investiron máis de 300.000 euros na contratación directa de 47 intérpretes tanto nos espectáculos en exhibición como naqueles en fase de ensaios. Súmanselles, ademais, os máis de 60 actores e actrices que integraron os elencos das coproducións e a implicación dun centenar de profesionais doutros oficios escénicos nos diferentes equipos, de xeito que a cifra de persoal artístico mobilizado en 2024 supera as 200 persoas.

Accesibilidade e diversidade

Entre os fitos deste balance anual, o informe subliña as iniciativas centradas en promover a accesibilidade e a diversidade, tanto nos formatos das producións como nos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

públicos aos que se dirixiron. Neste sentido, o programa de mobilidade *Sobes ao autobús do teatro?* foi unha acción clave para mellorar o acceso ás artes escénicas en toda Galicia, permitindo que comunidades rurais ou máis afastadas puidesen gozar da programación do Centro Dramático Galego en Santiago de Compostela.

Así, para *Os actos e as profecías* habilitáronse 26 rutas gratuítas de autocares con percorrido por 45 concellos, mentres que para *Terceiro acto* foron 24 os autobuses que trasladaron espectadores desde 48 municipios. A compañía institucional saíu tamén ao encontro do público nas xiras que desenvolveu con esta segunda proposta, que puido verse noutros oito escenarios galegos, e con *A utópica rodante*, que levou a coprodución *De Vilatriste a Vilalegre* a máis de 100 localidades.

A inclusión é outro do eixes de traballo nos que a unidade teatral da xunta afondou durante o ano do seu 40º aniversario, ofrecendo o seu pioneiro sistema SINTE (audiodescrición, signado e subtitulado, funcións descontraídas e visitas táctiles) en máis de 70 representacións de catro dos seus espectáculos.

Ao tempo, o Centro Dramático Galego puxo o foco na formación e na inclusión de profesionais con diferentes tipo de discapacidade. É o caso, por exemplo, dos obradoiros nos que se seleccionaron os intérpretes de *Nada se sabe*, montaxe coproducida con Culturactiva e estreada na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que pode verse estes días no Salón Teatro.

Liñas de acción exterior

Outro dos puntos destacados neste documento ten que ver coa internacionalización do noso teatro e dos seus profesionais a través de tres liñas estratéxicas: a conexión coa Galicia da emigración, a lusofonía e a relación con outros países con linguas minoritarias.

En concreto, desenvolveu unha intensa actividade como integrante dos proxectos europeos Phōnē (programa Europa Creativa) con nove socios de sete países e Nós/Nous (Erasmus + KA2) con nove entidades de catro países, ademais de facilitar a participación galega en cinco festivais de Portugal, Irlanda, Iraq e O Uruguai ou formar parte de sete coproducións coa Alemaña, O Brasil, Países Baixos, Portugal, Francia e Irlanda.

No que respecta á sustentabilidade, a compañía pública galega traballa con outros teatros europeos na liña do *Green Theater* que, alén da transición ao formato led para a redución do consumo eléctrico na iluminación dos espectáculos, traballa fundamentalmente na reciclaxe e reutilización de escenografías e vestiarios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA SERÁ A PRIMEIRA COMUNIDADE EN POÑER EN MARCHA UN BONO PARA APOIAR Á MOCIDADE A HORA DE INDEPENDIZARSE

- Rueda resalta que obxectivo da Xunta é “axudar aos mozos” de entre 18 e 35 anos “cos primeiros gastos do seu fogar” coma compra de mobles ou os gastos da mudanza
- O conselleiro de Xuventude salienta que esta medida busca “un futuro mellor para a nosa mocidade e para Galicia”
- A medida vai dirixida tanto aos que vivan en réxime de alugueiro como nunha vivenda da súa propiedade
- As solicitudes deben presentarse a través da sede electrónica da Xunta ata o 30 de abril de 2025
- As persoas beneficiarias recibirán unha tarxeta moedeiro virtual para gastar en establecementos que contén con sede física en Galicia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe a vindeiro posta en marcha do Bono Emancípate, unha iniciativa pioneira en Galicia coa que o Goberno autonómico “axudará aos mozos” de entre 18 e 35 anos “cos primeiros gastos do seu fogar” e que estará dotada de 2 millóns de euros. “O prazo para solicitarlo comezará o vindeiro 6 de febreiro e rematará o 30 de abril”, segundo engadiu o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos.

A iniciativa ten por obxectivo que os mozos e mozas galegas contén cun incentivo económico á hora de independizarse, xa sexa nunha vivenda alugada ou en propiedade, para sufragar “a adquisición de mobiliario” ou diversos artigos como os decorativos, obxectos do baño, téxtil ou “certos electrodomésticos esenciais”, explicou Rueda. Tamén poderán empregar a axuda en gastos que teñan que ver con xestoría e notaría ou derivados dos servizos de transporte de mudanza.

Deste xeito, tal e como resaltou o conselleiro trátase dunha liña de apoio “complementaria” a outras que teñen que ver co prezo de compra dun inmovible ou a renda do alugamento. No caso de vivir como arrendatarias, as persoas que resulten beneficiarias recibirán 1.500€ para empregar na tipoloxía de gastos xa mencionados, mentres que as que soliciten a axuda tendo adquirida a súa propiedade a contía será de 3.000€.

Unha medida que se enmarca na aposta da Xunta por facilitar o acceso a vivenda a xente nova e apoialos a dar o paso de independizarse ao “botar unha man cos primeiros gastos que se unen ao actual prezo da vivenda”, indicou Rueda. “É unha iniciativa pioneira a nivel estatal xa que Galicia é a primeira comunidade en poñer en marcha” unha axuda deste tipo, indicou López Campos, quen asegurou que con ela se busca “un futuro mellor para a nosa mocidade e para Galicia”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao Bono Emancípate poden acceder, dentro da franxa de idade indicada, as persoas que cumpran algúns requisitos como ter, polo menos, unha fonte regular de ingresos, posuír a nacionalidade española ou dalgún dos Estados da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, ou estar empadroadas na vivenda na que van permanecer, entre outras cuestións. Poderán solicitálas aqueles mozos con contrato en vigor desde o 31 de maio de 2024 e cunha duración mínima dun ano.

Solicitudes e tarxeta virtual

A orde de convocatoria en concorrència non competitiva sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* e, tras uns días para dar a coñecer a iniciativa, abrirase o 6 de febreiro, o prazo de solicitudes. Presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia ata o 30 de abril de 2025, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.

Unha vez concedidas e comunicadas as axudas, faranse efectivas a través dunha tarxeta moedeiro virtual que se expedirá a nome da persoa beneficiaria e non poderá ser usada máis alá do 31 de decembro de 2025. Ademais, as compras que se realicen con esta tarxeta deberán facerse en comercios especializados, grandes superficies, empresas de mudanzas, xestorías e notarías que teñan establecemento aberto en Galicia e non se poderá utilizar en compras a distancia.

Emancipación da mocidade

Coa posta en marcha do Bono Emancípate, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude dá resposta ás demandas da mocidade galega ante as dificultades de acceso a unha vivenda de seu que lle permita iniciar un proxecto de vida independente. Así, con esta iniciativa trátanse de complementar as políticas de vivenda que xa vén desenvolvendo a Xunta de Galicia cunha proposta diferente, dirixida a cubrir en parte os gastos que leva consigo a posta en marcha dun fogar.

Esta proposta súmase a outras de carácter transversal nas que interveñen varios departamentos da Administración autonómica como é a promoción de vivendas colaborativas para menores de 36 anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A APOSTA POLO TALENTO E EXPERIENCIA DOS EMPREENDEDORES RETORNADOS CUNHA NOVA ACHEGA DE 1 M€ PARA APOIAR MÁIS DE 100 PROXECTOS CO FOCO NO RURAL

- O Consello da Xunta analizou hoxe o informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co balance da última década desta liña de axudas, orientada a fomentar o autoemprego como vía de retorno dos galegos do exterior
- O programa leva destinados 5,4 M€ ao apoio de 810 emprendedores espallados por 200 concellos, o 70 % con experiencia no seu sector e no eido do investimento, o que amosa o potencial da medida para sumar capacidades e valor engadido ao mercado
- A convocatoria de 2025, cun orzamento que se poderá reforzar segundo as solicitudes, publicárase este xoves 30 no DOG e recolle achegas de entre 6.000 e 10.000 €, con incentivos para as mulleres ou a localización en concellos rurais
- O impacto máis recente indica unha mobilización media de máis de 53.000 euros por proxecto no primeiro ano de actividade, consolidándose como un instrumento clave para dinamizar a economía e impulsar o emprendemento ligado ao territorio
- A medida encádrase no marco da Estratexia Galicia Retorna, unha planificación dotada de 450 M€ ata 2026 na que tamén se engloban accións como as bolsas BEME ou o programa Retorna Cualifica Emprego, ambas abertas actualmente

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co balance de resultados acadados pola liña de axudas ao Retorno Emprendedor desde a súa posta en marcha en 2013, avanzando que este xoves o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicará a convocatoria correspondente a este ano, cun orzamento de 1 M€ —que se poderá reforzar segundo a demanda— e apoios de entre 6.000 e 10.000 euros para fomentar o autoemprego como unha vía de retorno dos galegos e galegas residentes no exterior.

Encadrado no paquete de medidas da Estratexia Galicia Retorna —unha planificación dotada con 450 M€ ata 2026 para promover o regreso duns 30.000 galegos— o programa xa destinou ata o momento 5,4 M€ para apoiar a un total de 810 persoas emprendedoras que regresaron para sumarse ao tecido produtivo da Comunidade a través da posta en marcha dos seus propios proxectos en arredor de 200 concellos, destacando a súa diversidade e innovación en campos como a hostalaría, o comercio, a Industria 4.0, a enxeñaría, a fabricación ou o deseño.

Segundo os datos analizados hoxe, cómpre sinalar o impacto económico xerado por esta medida, cunha mobilización media de 53.722,66 euros por iniciativa no primeiro ano de actividade, consolidándose así como un instrumento clave para dinamizar a economía galega, atraer talento cualificado e impulsar o emprendemento. Así —e atendendo ao perfil dos beneficiarios— o informe avaliado no Consello reflicte que un 45 % ten estudos universitarios e máis do 70 % conta con experiencia tanto no sector no que emprende como no eido do investimento, o que amosa o potencial desta medida para sumar novas capacidades e valor engadido ao tecido produtivo, promover a innovación,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

fortalecer o ecosistema empresarial e xerar un impacto positivo no desenvolvemento do territorio.

Deste xeito, o Programa Retorno Emprendedor complementa, a través da atracción de talento exterior, o esforzo global ao emprendemento que está a impulsar o Executivo autonómico—ao que se destinarán 32M€ este ano— e en cuxa estratexia é clave o papel da rede de Rede de polos de emprendemento, que conta con 15 localizacións activas en toda Galicia e a través das que estes emprendedores retornados tamén poden acceder a tutorizacións e asesoramento personalizado.

Convocatoria 2025 e balance Retorno Emprendedor

A nova orde —que se publicará este xoves 30 no DOG baixo o réxime de concorrência non competitiva— contará cun orzamento inicial de 1 M€. As axudas, cunha contía base de 6.000 euros, poderán incrementarse no caso de que o solicitante sexa muller ou se a localización da actividade é nunha zona rural, podendo así chegar a un máximo de 10.000 euros. Poden ser beneficiarias persoas nadas en Galicia ou descendentes retornadas desde o estranxeiro a partir do 1 de xaneiro de 2023. Ademais, é preciso que figuren no réxime especial de autónomos e teñan residencia e domicilio fiscal en Galicia.

A nova convocatoria busca reforzar os resultados acadados durante a última década, na que se teñen recibido solicitudes procedentes de medio cento de países dos cinco continentes, entre os que sobresaen Venezuela, O Reino Unido, A Arxentina, Suíza, México ou O Brasil. As axudas outorgadas —que no último ano acadaron unha media de 8.000 € por beneficiario— foron complementadas polos servizos de mentoría ofrecidos a través do Programa Merlo e das propias oficinas da Rede de polos, reforzando así o acompañamento permanente para garantir o éxito das iniciativas, máis da metade orientadas ao consumidor final, respondendo así ás necesidades do mercado local.

Só no último ano, resolvéronse favorablemente 150 solicitudes de 29 países, cun importe total de 1,2 M€ —tras unha ampliación orzamentaria do 25 % para atender todas as solicitudes— destinados a apoiar novos proxectos emprendedores en 54 concellos, o 85 % deles en áreas rurais. Esta cifra marca un récord histórico en termos de beneficiarios nunha única convocatoria na que, ademais, se consolida a progresiva feminización do emprendemento, acadando a paridade por xénero.

Estratexia Galicia Retorna

Galicia é unha rexión pioneira a prol das políticas de retorno, impulsando medidas tanto no eido da conta propia como allea para facer fronte ao reto demográfico e responder a desafíos estruturais como a cobertura de vacantes e a remuda xeracional. Así, no marco da Estratexia Galicia Retorna, a Xunta tamén ten en marcha outras accións, como a atracción de perfís altamente cualificados a través das Bolsas BEME —cuxa 9ª convocatoria se pode solicitar ata o vindeiro 30 de abril— que permiten á mocidade do exterior completar a súa formación académica en Galicia para posteriormente inserirse no mercado laboral ou valorar o emprendemento. Na folla de ruta, tamén destaca o Programa Retorna Cualifica Emprego, tamén coa segunda edición en marcha cun orzamento de 2,3 millóns de euros co obxectivo de beneficiar uns 200 residentes no exterior menores de 55 anos deica finais de 2025. Así mesmo, ofrécense axudas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

extraordinarias para establecerse en Galicia, das que xa se beneficiaron 4.500 familias cun orzamento global de 13 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O TECIDO SOCIOECONÓMICO RURAL A TRAVÉS DAS AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTO EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS, DOTADAS CON 1,7 M€

- O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a unha nova convocatoria destas achegas, concedidas pola Consellería do Medio Rural, cuxa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para este mércores, 29 de xaneiro
- As axudas financiarán proxectos destinados á adquisición de bens de equipo, nunha decidida aposta pola ampliación e modernización do sector produtivo no medio rural
- Poden ser beneficiarios destas subvencións as pequenas empresas situadas en zonas rurais e as persoas físicas que residan nestas contornas que desenvolvan a súa actividade en torno a unha serie de ámbitos recollidos na convocatoria
- Desde o ano 2016, o Goberno autonómico destinou máis de 18,5 millóns de euros para beneficiar 450 empresas, creando 400 novos empregos e consolidando preto de 3.300

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe a unha nova convocatoria das axudas para proxectos de investimento en actividades non agrícolas, dotadas con 1,7 millóns de euros. A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, convoca estas achegas que permiten reforzar o tecido socioeconómico no territorio rural galego e mellorar a súa competitividade, inducir á xeración de novos empregos e á consolidación dos existentes e, en última instancia, consolidar e impulsar a dinamización económica destes territorios.

Estas axudas, que se convocan en réxime de concorrencia competitiva, financiarán proxectos destinados á adquisición de bens de equipo inherentes á actividade empresarial que están desenvolvendo as empresas existentes, nunha decidida aposta pola ampliación e a modernización do sector produtivo no medio rural. A publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para o vindeiro mércores, 29 de xaneiro.

Poderán beneficiarse destas axudas as pequenas empresas situadas en zonas rurais e as persoas físicas que residan nestas contornas, que desenvolvan a súa actividade en ámbitos tales como a produción de bens e materiais, a transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, a prestación de servizos sociais ou a artesanía e actividades artesanais, entre outros.

Máis de 18,5 millóns dende 2016

O Goberno autonómico destinou dende o ano 2016 ás axudas para proxectos de investimento en actividades non agrícolas no medio rural máis de 18,5 millóns de euros de fondos públicos, que beneficiaron 450 empresas; contribuíron a crear 400 novos postos de traballo e a consolidar 3.294 empregos. Ao mesmo tempo, isto tradúcese nun investimento por importe de máis de 43.100.000 euros para a aplicación e modernización do sector produtivo no rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á súa distribución por provincias, o maior número de empresas beneficiarias sitúase en zonas rurais de Pontevedra e A Coruña, con 146 e 120 proxectos respectivamente, seguidas de Lugo e Ourense, con 93 e 91.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 19,5 M€ PARA O PLAN CAMIÑA RURAL NAS ANUALIDADES DE 2025 E 2026

- O obxectivo deste programa é financiar as actuacións de mellora e mantemento dos camiños municipais que dan acceso a parcelas agrícolas
- Poden ser beneficiarios todos os concellos de Galicia que teñan remitidas ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude e estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias
- Dende o ano 2016 destináronse máis de 167 millóns de euros a este concepto, o que permitiu actuar en 6.042 camiños municipais, totalizando unha lonxitude de 4.744 quilómetros de vías

O Consello da Xunta vén de dar o visto e prace á nova convocatoria do Plan Camiña Rural para as anualidades 2025-2026, dotada cun orzamento de preto de 19,5 millóns de euros de fondos propios. O investimento está distribuído en dúas anualidades, 9,5 millóns de euros para 2025 e 9,99 millóns para 2026. Este programa ten como obxectivo financiar as actuacións de mellora ou mantemento dos camiños municipais que dan acceso en calquera punto do seu trazado a polo menos dúas parcelas agrícolas. Prevese que a convocatoria saia publicada no *Diario Oficial de Galicia* a finais de xaneiro.

Poden ser beneficiarios destas axudas todos os concellos de Galicia que cumpran dous requisitos principais. Deberán ter remitidas ao Consello de Contas as contas do último exercicio orzamentario antes do vencemento do prazo de presentación da solicitude e estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á débeda coa Administración pública de Galicia. Así, pártese dunha asignación fixa por localidade, que se incrementa en función do número de entidades de poboación, criterios de agrariedade e outras cuestións vencelladas coa superficie e a localización do municipio.

Polo tanto, serán subvencionables as actuacións de ampliación, que supoñan un incremento da lonxitude dos camiños, que incidan na seguranza viaria e permitan o cruzamento de vehículos; de mellora, para reforzar o firme existente coa incorporación de novas capas e a adecuación de obras de paso de cursos fluviais; e o mantemento do firme e das súas marxes.

As infraestruturas viarias son de vital importancia para as contornas rurais, xa que xeran cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e de traballo nestas zonas. Os camiños rurais facilitan a accesibilidade e a vertebración do territorio, reforzan o tecido social e contribúen a mellorar a capacidade organizativa e contribúen a fixar poboación.

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, convoca anualmente estas achegas de xeito ininterrompido dende o ano 2013. Dende o ano 2016 destináronse máis de 167 millóns de euros a este concepto, o que permitiu actuar en 6.042 camiños municipais, totalizando unha lonxitude de 4.744 quilómetros de vías rurais melloradas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRABALLA NUNHA FERRAMENTA WEB QUE PERMITA UN PERCORRIDO VIRTUAL POLAS ÁREAS MARÍTIMAS QUE INTEGRAN O PASADO INDUSTRIAL NA PAISAXE DA CONTORNA

Esta liña de traballo enmárcase nos obxectivos a curto prazo do Plan da cultura marítima de Galicia, xunto coa presentación do Inventario do Patrimonio Marítimo Inmóble, que se prevé para finais de ano

A Consellería do Mar está a traballar no desenvolvemento dunha ferramenta web que permitirá realizar un percorrido virtual polas Áreas Nai, espazos marítimos nos que o pasado industrial está en completa sintonía coa paisaxe e que manteñen a identidade e memoria do que foron no seu día. Este é un dos principais horizontes de traballo para os vindeiros meses que recolle o Plan da cultura marítima de Galicia (PCUMA) do que a Consellería do Mar, como principal impulsora, presentou hoxe un informe de seguimento ao Consello da Xunta.

Elaborado en colaboración coa Universidade da Coruña, o plan cumpriu o seu primeiro ano en vigor a finais de 2024, establecendo unha base sólida para traballar na misión na conservación da cultura marítima galega, a través de cen propostas de proxectos para a cultura do mar. Trátase dun plan pioneiro e innovador do que non hai precedentes noutros territorios.

Ao longo de 2024 o desenvolvemento do plan centrouse na presentación á cidadanía do seu contido a través de recursos *off line* como mesas redondas e a edición dun libro impreso e *on line*, creándose a páxina web e redes sociais do PCUMA. Ademais iniciáronse dous proxectos clave: o inventario das áreas Nai e o censo do patrimonio inmóble, que compila as testemuñas do patrimonio construído en relación aos oficios do mar existentes ao longo de toda a costa galega.

De cara a este ano e o 2025 entre os principais obxectivos destaca, ademais de continuar coa achega deste plan á cidadanía, o desenvolvemento das contornas virtuais das áreas Nai. Para isto crearase unha ferramenta virtual que permita percorrelas e comprender, a través de información planimétrica e fotográfica, o valor paisaxístico e patrimonial asociado a cada unha delas.

Bens patrimoniais

Xunto coas áreas Nai, ao longo de 2024, o PCUMA centrouse na creación do censo do patrimonio inmóble, no que se seguirá avanzando ao longo dos vindeiros meses co obxectivo de poder presentalo a finais de ano. Sobre as referencias e traballos previos existentes neste sentido, realízase unha revisión pormenorizada concello a concello, engadindo elementos patrimoniais, e realízanse visitas a cada un deles, tomando datos, fotografías e avaliación do estado das edificacións.